

ORDENANZA FISCAL Nº 54, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO CONCELLO DA CORUÑA

ARTIGO 1.

De conformidade co establecido no artigo 59.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo de imposición obrigatoria, que se esixirá de acordo co citado Real decreto legislativo, e disposicións que o desenvolvan.

ARTIGO 2.

Facendo uso da facultade recoñecida polo artigo 87 do Real decreto legislativo 2/2004, a escala de coeficientes que ponderan a situación física do local dentro do termo municipal, queda fixado nos termos dos artigos seguintes.

ARTIGO 3.

1. Para os efectos previstos para a aplicación da escala de coeficientes que ponderan a situación física do local do artigo seguinte, as vías públicas deste termo clasifícanse en 6 categorías fiscais.
2. Anexo a esta ordenanza, figura un índice alfabético das vías públicas con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha delas.
3. As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice serán consideradas de última categoría, e permanecerán cualificadas así ata o 1º de xaneiro do ano seguinte a aquel en que sexa aprobada polo Pleno da Corporación a categoría fiscal correspondente á súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

ARTIGO 4.

Para todas as actividades exercidas neste termo municipal, e suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas, establécense, sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 86 do Real decreto legislativo 2/2004, atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade, a aplicación da seguinte escala de coeficientes:

Categoría rúa	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
Índice	2,989	2,467	2,276	1,825	1,633	1,440

ARTIGO 5. REDUCCIÓN NA COTA.

Os suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas en locais afectados por obras na vía pública poderán obter unha redución na cota do imposto de acordo coas porcentaxes e condicións seguintes:

- a) Suxeitos pasivos beneficiarios: Aqueles que utilicen locais para o exercicio de actividades económicas clasificadas na división 6ª da sección 1ª das tarifas do imposto que resulten afectados por obras na vía pública de duración superior a tres meses.

Entenderanse afectados para os efectos deste artigo aqueles contribuíntes que exerzan as actividades descritas no parágrafo anterior, e cuxos locais se localicen nas rúas onde se executan as obras ou teñan nesta algún elemento dos ditos locais, tales como escaparates, accesos, etc.

- b) Porcentaxes de redución:

Obras de máis de tres meses e ata seis meses 50%

Obras de máis de seis meses 80%

Entenderanse iniciadas e rematadas as obras nas datas que determinen os servizos técnicos municipais.

Para a aplicación desta redución, os suxeitos pasivos deberán formular a solicitude expresa no prazo dun mes dende que o local deixe de estar afectado polas obras. Se as obras se prolongasen máis alá do 31 de decembro, os suxeitos pasivos formularán a correspondente solicitude de redución antes do 31 de xaneiro.

ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS

Ademais das bonificacións previstas no artigo 88.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, os suxeitos pasivos suxeitos ao Imposto de Actividades Económicas terán dereito ás seguintes bonificacións:

1. Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade e tributen por cota municipal, gozarán durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma, dunha bonificación do 50% da cota tributaria, integrada pola cota de tarifa ponderada polo coeficiente establecido no artigo 86 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e modificada polo coeficiente establecido no artigo 4 desta Ordenanza.
2. Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementen, no termo municipal, en máis dun 10%, a media do seu persoal de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, gozarán dunha bonificación por creación de emprego do 50% da cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refire o artigo 88.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e o punto 1 do presente artigo. Se a media de incremento do persoal de traballadores con contrato indefinido fose inferior ao 10%, a bonificación a aplicar será do 25%, sempre que cumpran algunha das condicións seguintes:

A) Que realicen un contrato indefinido a dous traballadores pertencentes aos seguintes colectivos:

- a') Traballadores que realicen cursos de formación ocupacional no Centro Municipal de Formación da Coruña.
- b') Mulleres, en sectores laborais con menor índice de emprego feminino.
- c') Parados cunha antigüidade mínima dun ano en situación de desemprego rexistrado nas Oficinas Públicas de Emprego de Galicia.
- d') Maiores de corenta anos.
- e') Novos menores de vinte e seis anos.
- f') Persoas con discapacidade igual ou maior ao 33%.

B) Que se trate de actividades empresariais que cren e manteñan cada ano, polo menos cinco empregos netos con contrato indefinido.

En todo caso a bonificación aplicárase ao centro de traballo no que se incrementou o persoal con contratos indefinidos para a actividade pola que está dado de alta o centro no Imposto de Actividades Económicas.

3. Os suxeitos pasivos que establezan un plan de transporte para os seus traballadores que teña por obxecto reducir o consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ao lugar do posto de traballo e fomentar o emprego dos medios de transporte máis eficientes, como o transporte colectivo ou o compartido, gozarán dunha bonificación do 5% da cota tributaria, sempre que devandito plan de transporte sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local, previos os informes técnicos municipais correspondentes.
4. Os suxeitos pasivos que certifiquen o grao de desenvolvemento de plans de transporte para o seu persoal gozarán dunha porcentaxe de bonificación igual á porcentaxe do persoal que utiliza devandito plan en relación co total do persoal, ata un máximo de 45% cun tope de 500 euros anual.
5. Os suxeitos pasivos que incorporen instalacións que lles permita autoxerar enerxía mediante fontes renovables gozarán dunha porcentaxe de bonificación igual á porcentaxe de enerxía potencialmente autoxerada con fontes renovables en relación co total da enerxía consumida pola actividade, ata un máximo do 50% de bonificación e un tope de 500 euros anual.
6. Os suxeitos pasivos que inicien unha actividade empresarial afastada do centro urbano gozarán dunha bonificación do 50% durante os 10 primeiros anos de actividade, cun tope máximo de 500 euros anuais.
7. Unha bonificación de ata o 10% da cota correspondente para os suxeitos pasivos que cun importe neto de cifra de negocios comprendido entre un e dous millóns de euros tributen por cota municipal e teñan un rendemento neto da actividade económica negativo. A porcentaxe de bonificación, en función do tramo de rendemento neto da actividade negativo, determinarase conforme á seguinte táboa:

Tramo de rendemento neto negativo	Porcentaxe bonificación
-----------------------------------	-------------------------

Ata 50.000 euros 6%
Ata 100.000 euros 8%
Máis de 100.000 euros 10%

Aos efectos da bonificación por rendemento neto da actividade económica negativo teranse en conta as seguintes regras:

1.^a Entenderase como rendemento neto dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades a base imponible deste tributo, sen incluír para estes efectos as compensacións de bases impositivas negativas de períodos anteriores nin os beneficios ou perdas procedentes de activos non correntes.

2.^a Cando se trate de suxeitos pasivos do Imposto sobre a Renda de Non Residentes, entenderase como rendemento neto a renda imputable aos establecementos permanentes procedente de actividades ou explotacións económicas desenvolvidas polos mesmos. Nos casos de rendas obtidas sen establecemento permanente, o rendemento neto a considerar será a suma das bases impositivas procedentes das actividades ou explotacións económicas realizadas en España sen o devandito establecemento consignadas nas declaracións presentadas durante o ano natural de que se trate.

3.^a Con respecto ás entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, considerarase o rendemento neto procedente das actividades ou explotacións, sen incluír, en ningún caso, os beneficios ou perdas procedentes do alleamento de bens afectos ás devanditas actividades ou explotacións.

4.^a Cando unha entidade forme parte dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de Comercio, o rendemento neto a considerar será a base imponible, determinada segundo a regra 1.^a anterior, do conxunto das entidades pertencentes ao devandito grupo.

As bonificacións establecidas neste artigo terán carácter rogado e deberán ser concedidas expresamente aos suxeitos pasivos que o soliciten e acrediten reunir as condicións requiridas, segundo o establecido no artigo seguinte.

As bonificacións previstas neste artigo deberán solicitarse durante o primeiro trimestre do exercicio ao que se vaian aplicar.

As presentadas fóra do dito período producirán efectos para o exercicio seguinte.

As bonificacións reguladas no presente artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou máis, gozará da máis alta.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

Este imposto poderá esixirse ben por recibo, seguindo o procedemento que establecen os artigos 13 a 16 e concordantes do Real decreto 243/1995, do 17 de febreiro, ben en réxime de autoliquidación, conforme ao establecido no artigo 90.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, utilizando os suxeitos pasivos, neste suposto, os impresos que para tal fin dispoña a Administración Municipal.

Para tales efectos facúltase a Xunta de Goberno Local para optar por calquera das dúas posibilidades, establecer a norma de xestión e aprobar os correspondentes modelos.

Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, salvo que se modifícase o consignado neles.

Para gozar das bonificacións establecidas no artigo anterior, os suxeitos pasivos deberán solicitar expresamente a súa concesión, acreditando as circunstancias seguintes:

- Para os supostos regulados no apartado 1 do artigo 6 da presente ordenanza: Que o suxeito pasivo non exercese anteriormente a mesma actividade ou outra incluída no mesmo grupo de tarifas do imposto.
- Para os supostos regulados no apartado 7 do artigo 6, como documentación acreditativa do rendemento neto da actividade económica negativo a seguinte documentación: Por, as declaracións do Imposto sobre Sociedades, Imposto sobre a Renda de non Residentes ou do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, cuxo prazo de presentación finalizase o ano anterior ao do pagamento do imposto ou, no caso de non residentes sen establecemento permanente a do ano natural posterior inmediato a aquel en que a suma das bases impositivas

sexa negativa así como calquera outra documentación necesaria para o cálculo do rendemento neto definido anteriormente

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de sete artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 28 de decembro de 2023, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2024 e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

